

Os seguintes exercicios propóñense para afianzar os usos principais da ferramenta de videoconferencia WebEx:

- Iniciar a aplicación de WebEx instalada no noso equipo. Identificarse co noso usuario e contrasinal (recordando que sempre nos identificamos coa nosa conta de correo con extensión ***edu.xunta.gal***)
- Identificar a URL da nosa sala: <https://eduxunta.webex.com/meet/USUARIOCORREO>
- Identificar o meu número de reunión.
- Facer clic en “Unirse a la reunión” para iniciar sesión de videoconferencia na miña sala de reunións. Indicará que se está “esperando a que se unan outras personas”. A nosa sala de reunións non poderán ter acceso outras persoas mentras nós estamos ausentes, a non ser que nós indiquemos expresamente que outra das persoas conectadas pasa a ser o “organizador” no momento de eu abandonar a sala.
- Se queremos probar un videoconferencia con nós mesmos, podemos conectarnos dende o móbil e dende o ordenador. Ou no mellor dos casos probar entre dous compañeiros.
- No caso de que alguén se conecte dende o móbil instalará dende o “App Store” ou “Play Store” a app “Cisco WebEx Meetings”. Facendo clic no enlace da sala de reunións a que queremos asistir, xa se nos abrirá directamente. Ou escribir directamente a URL: <https://eduxunta.webex.com/meet/USUARIOCORREO> xunto co teu nome (para que te identifiquen na reunión) e como correo podemos poñer *nonresponder@edu.xunta.es*
Facer clic en “Unirse a la reunión” (activar micro e/ou cámara en función do que desexemos).
- Probar as opcións en Escritorio do menú inferior:
 - Apagar/acender micro
 - Apagar/acender cámara
 - Compartir contido (probar toda a pantalla ou unha soa aplicación das que temos abertas)
 - Facer anotacións nesa compartición de contido (podemos permitir que os demais fagan anotacións)
 - Probar a grabar uns minutos de videoconferencia (na nube ou en local)
 - Comprobar listado de participantes.
 - Chat con todos os participantes (comprobar que se pode enviar unha mensaxe privada a un usuario).
 - Crear unha nota na reunión (as notas son soamente privadas para a persoa que as fai)

- Crear un sondeo. Realiza unha pregunta de respostas única, que se teña que responder nos seguintes 3 minutos como máximo. Visualiza as respostas de forma individual para saber o que respondeu cada un dos asistentes.
- Enviar a un usuario ao “lobby” para que espere mentras se fala algo co resto de integrantes da videoconferencia de forma privada.
- Silenciar a todos os participantes.
- Activar de seguido o micro a tódolos participantes.
- No caso dunha videoconferencia entre dous compañeiros coa versión de escritorio (non no móbil ou tableta) acceder ao control do ordenador do outro compañeiro coa opción “Pasar el control del teclado y del ratón”
- Conectarse por teléfono á sala de reunións. Para iso comprobamos os números na opción de menú de “Reunión” / “Información” / “Números de llamada interna”. En España, os números aos que temos que chamar son: 912158236 o bien 917911283.
 - Pulse 1 (Español)
 - Número de reunión (sin espacios ne guións) seguido de #
 - # (para non ter que indicar o número de asistente que é)
- Acceso a configuración da miña conta de WebEx na web. Para iso accedemos a URL: <https://eduxunta.webex.com/> (e identificámonos).
- Probamos onde se encontran as nosas gravacións na nube.
- Planificamos unha nova reunión con determinados usuarios cos seus correspondentes correos electrónicos.